

Centros de Asistencia e Educación Infantil

Un ano máis a CIG-EnsinO considera insuficientes e discriminatorias as subas salariais para o 2009, e denuncia a imposibilidade de negociación polos acordos xa tomados

O pasado día 20 de febreiro de 2009 foron asinadas polas patronais do sector e as organizacións sindicais CCOO, UGT, USO e FSIE as táboas salariais do persoal dos Centros de Asistencia e Educación Infantil para o 2009.

En realidade, a constitución da Mesa foi un puro trámite, dado que non había posibilidade de ningunha negociación, pois no acordo do ano pasado quedou todo "atado e ben atado", ao marcar a suba que se ía aplicar tamén para este ano.

Tale como xa manifestamos o ano pasado, consideramos razoábel e aceptábel a suba que se aplicou para as categorías de Educadoras/es e Técnicas/os Superiores, pois entraría dentro dos criterios que nós defendemos (aínda que cómpre lembrar que estamos a falar de salarios moi baixos e que, polo tanto estamos aínda moi lonxe do obxectivo de homologar os seus salarios con outras categorías similares). Este persoal vai ter un incremento para o ano 2009 do 5% en todos os conceptos máis unha porcentaxe adicional até achegarse ao obxectivo dos 850 € anuais. Así pois, se este criterio fora xeral para todo o persoal, a **CIG-EnsinO** non

tería problema en asinar dito acordo.

Pero a **CIG-EnsinO** ten a obriga de defender a todas/os as/os traballadoras/es e non pode subscribir un acordo no que, precisamente o persoal das categorías inferiores (os grupos III e IV), é dicir, aquel que ten os salarios máis precarios, que rozan o Salario Mínimo Interprofesional, resulte discriminado cunha suba igual ao IPC do ano 2008, o 1,4 %. Esta suba, e con eses salarios, resulta ridícula e inaceptábel, e non nos vale como argumento por parte das patronais que estamos a falar dun colectivo pequeno. Razón de máis para non discriminalo e situalo cuns salarios dignos.

A proposta que a **CIG-EnsinO** defendeu nesta Mesa foi a seguinte:

Como o IPC do ano 2008 sufriu grandes oscilacións, pasando pola porcentaxe máis alta en xullo (5,3%) a, finalmente, un 1,4% a final de ano, entendemos que tomar este último como referencia suporía unha perda clara de poder adquisitivo de todo o persoal, sobre todo se temos en conta outros factores como o incremento dos prezos (fundamentalmente carburantes e alimentación) que obrigou

a soportar un gasto extraordinario que non se ve reflectido nese IPC final. Consideramos máis xusto ter en conta o IPC de todos os meses de 2008 e tomar o dado medio. Neste caso daríanos como resultado un 4,1%. Como o salario medio correspondente ao ano 2008 (en Galiza), concluíu en torno aos 17.830 € e, polo tanto, esa será a referencia que debemos ter para considerar un salario como digno, a suba mínima que se debería dar sobre ese salario medio para manter o poder adquisitivo sería de 731 € anuais, como resultado de aplicarlle o 4,1% a esa cantidade. Para os salarios inferiores a esa cantidade as subas non deben ser inferiores ao 4,5%. Como se pode comprobar, estes criterios si se cumprían para as dúas categorías comentadas, pero están moi lonxe no resto.

En todo caso, como sempre dicimos, basta con facer unha comparación observando as táboas do ano pasado e as deste para que cada quen saque as súas conclusións.

Tedes na volta da folla as táboas salariais do 2009.

Táboas Salariais 2009. Educación Infantil.

CATEGORÍA	salario 2009	cpp 2009
GRUPO I		
Director/a Xerente	1.310,74 €	27,89 €
Subdirector/a	1.310,74 €	27,89 €
Director/a Pedagóxico/a	1.310,74 €	27,89 €
Pedagogo/a	1.284,44 €	27,89 €
Psicólogo/a	1.284,44 €	27,89 €
Médico/a	1.284,44 €	27,89 €
Asistente/a Social	1.284,44 €	27,89 €
Outros	1.284,44 €	27,89 €
GRUPO II		
Mestre/a	1.293,93 €	28,41 €
(*)Educador/a Infantil	806,81 €	21,08 €
(*)Técnico/a superior en E. Infantil	806,81 €	21,08 €
GRUPO III		
Técnico/a Especialista	738,09 €	21,08 €
Asistente Infantil	700,59 €	18,44 €
GRUPO IV		
Persoal de cociña	662,30 €	15,80 €
Persoal de limpeza	662,30 €	15,80 €
Persoal de mantemento	662,30 €	15,80 €
Persoal de Servizos Xerais	662,30 €	15,80 €
Auxiliar	636,86 €	15,80 €
Administrativo/a	687,62 €	15,80 €
OUTROS		
Contratado/a para a formación	SMI	
(*) COMPLEMENTO ESPECÍFICO		
XANEIRO-AGOSTO	31,61 €	
SETEMBRO -DECEMBRO	43,19 €	
(*) As categorías profesionais de Técnico/a Superior en Educación Infantil e de educador/a Infantil percibirán o citado complemento específico. Os/as traballadores/as dos centros de obras sociais, propias de carácter docente sin fins lucrativos, e Caixas de Aforros terán o incremento salarial establecido para 2009, máis un punto adicional sobre os conceptos retributivos que establece o convenio, aboados na nómina de decembro do ano anterior.		
ANEXO III salario base 14 pagas/ano		
Unidades concertadas de 2º ciclo	salario	C. antigüidade
mestre/a	1.565,39 €	37,45 €
Co fin de facer efectivos os incrementos establecidos nestas táboas, as empresas disporán de dous meses, a partir da data da súa publicación no BOE.		

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.com
Santiago: santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com